



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2013

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezoito de outubro do ano dous mil trece, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre, e a Interventora da Corporación, dona Ana M^a Vigo Fariña.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO.- Modificación da ordenanza fiscal do IVTM.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.”

Visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal en relación con este asunto.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica co texto que figura no expediente.

SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se insertará no tablón de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ao da publicación de dito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cual os interesados podrán examinar o expediente e presentar as alegacions que estimen oportunas.

TERCEIRO. No caso de que non se presentasen alegacions ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo se entenderá definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co art 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais».

A señora Estévez Álvarez di que se van abster, non serán impedimento.

O señor Lomba Alonso di que se van abster.

O señor Fontenla Martínez di que votarán a favor.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres abstencións).

PUNTO SEGUNDO.- Expediente de modificación de créditos 38/2013.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o decreto de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2012 para o exercicio 2013, por decreto de alcaldía 386/2013 de data 27 de maio de 2013.

Visto que se incorporan proxectos financiados con recursos afectados.

Visto que esta corporación non ten proxectado destinar os fondos ás finalidades inicialmente aprobadas nos respectivos anexos de inversión, en base a necesidade de afrontar outras inversións necesarias.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación que se autorice o cambio de finalidade dos proxectos, con financiación afectada, que a continuación se detallan , para destinalos a financiar ditas inversións, a través do correspondente expediente de modificación de créditos.

BAIXAS POR CAMBIO DE FINALIDADE

	Partida da que procede:	12.453.609.00
1	Partida á que se incorpora:	13.453.609.00



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Plans Provinciais 2009.....	31.312,66 €
-----------------------------	-------------

FINANCIAMENTO

Exceso financiamento afectado(Préstamo BBVA (BCL) Inverimentos 2009.....	31.312,66 €
--	-------------

2 Partida da que procede:	12.453.609.03
Partida á que se incorpora:	13.453.609.03
Partida á que se transfere co cambio de finalidade	

Remodelación Praza do Xulgado.....	24.567,24 €
------------------------------------	-------------

FINANCIAMENTO

Exceso financiamento afectado(Préstamo BBVA (BCL) Inverimentos 2009.....	24.567,24 €
--	-------------

ALTAS POR CAMBIO DE FINALIDADE

1 Partida da que procede:	13.453.609.00
Partida á que se incorpora:	134.632.00

Adecuación intalaciones GES.....	8.000 €
----------------------------------	---------

FINANCIAMENTO

Exceso financiamento afectado(Préstamo BBVA (BCL) Inverimentos 2009.....	8.000€
--	--------

2 Partida da que procede:	13.453.609.00
Partida á que se incorpora:	453.619.00

Invercións de reposición en camiños , carreteras e vías públicas.....	23.312,66 €
---	-------------



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

FINANCIAMENTO

Exceso financiamento afectado(Préstamo BBVA (BCL) Invetimentos 2009.....	23.312,66 €
--	-------------

3 Partida da que procede:	13.453.609.03
Partida á que se incorpora:	334.632.00

Iluminación , sonido e melloras no centro cultural.....	24.567,24 €
---	-------------

FINANCIAMENTO

Exceso financiamento afectado(Préstamo BBVA (BCL) Invetimentos 2009.....	24.567,24 €
--	-------------

A señora Estévez Álvarez di que se van abster, cren que son moitas 38 modificacións de crédito.

O señor Lomba Alonso di que votarán en contra, pois isto é froito de non ter o orzamento aprobado, o equipo de goberno deben habilitalo xa para evitar estas situacións, quere que conste en acta que o equipo de goberno foi incapaz de presentar o orzamento a tempo, nos atopamos a 18 de outubro e aínda non hai orzamento para o 2013.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que esta modificación afecta a créditos que veñen do decreto de incorporación de remanentes, resulta necesaria para poder destinalos a finalidades distintas.

O señor Lomba Alonso di que algúns puntos son do ano 2009, se están dotando partidas porque o orzamento está esgotado e non hai crédito nas partidas. Di que non orzamentos axeitados á actualidade e estas son as consecuencias.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dous votos en contra).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (sete abstencións).

PUNTO TERCEIRO.- Aprobación Conta Xeral 2012.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

”PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha vez exposta a Conta Xeral do ano 2012 ó público por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, non foron presentadas reclamacións reparos ou observacións contra a mesma, a Conta Xeral se somete ó Pleno da Corporación para ser aprobada e así ser rendida ó Consello de Contas , tal e como se preceptúa no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004 del 5 de Marzo).”

A señora Estévez Álvarez explica as conclusións ás que chegan coa Conta Xeral 2012: non hai control de gastos, pois existían unhas previsións iniciais de gastos que aumentaron dado que se fixeron mais de trinta modificacións de crédito ó longo do ano; ademáis, di que os ingresos están inflados e iso supón un aumento da débeda municipal. Engade que o saldo do remanente de tesourería baixou do ano 2011 ó ano 2012, polo que se están maquillando as contas, e por todo iso votarán en contra.

O señor Lomab Alonso di que son as contas duns orzamentos cos que o BNG non ten nada que ver, pensa que hai un gran descontrol, e votarán en contra.

A señora Iglesias Ferreira di que se ignora o informe da Interventora, e non se teñen en conta as súas recomendacións, sobre todo en relación co cumprimento da prelación de pagos, seguen sen facer nada. Se fala tamén no informe de que pode producirse fraude de lei por reflexar unha imaxe irreal do Concello, non se fai nada, e se refire ós fondos líquidos de tesourería e di que hai pendentes de pago moitas facturas, polo que non apoiarán a Conta.

A señora Magallanes Álvarez di que a Conta Xeral do 2012 ven a reflexar que se executou o orzamento nun alto grao, tanto en ingresos como en gastos, a pesar das dificultades económicas se conseguiron niveis de ingresos similares a 2011; existe unha contención do gasto do 10%; existe estabilidade orzamentaria; se cumpriu co límite de gasto; o aforro neto é positivo; o remanente de Tesorería triplica o ano anterior; hai unha liquidez ó final do ano de un millón de euros; o periodo de pago medio a provedores se recorta á metade; foron capaces de reducir nun 65% o endebedamento cos bancos dos últimos anos; están preocupados polo pago ós provedores, e sinala que a Xunta e outras Administracións públicas tiñan débedas co Concello. Di que seguen traballando, e a pesar das dificultades, se traballa en mellorar todos os ratios respecto de anos anteriores.

Sometida a votación a proposta acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos en contra).

A proposta non prospera.

O señor Alcalde di que se rendirá igualmente a Conta Xeral.

PUNTO CUARTO.- Proposta da Alcaldía de inicio de licitación da xestión da piscina municipal do Concello da Guarda.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

(PROVIDENCIA DE INICIACIÓN)

Vista a memoria do concelleiro delegado en relación coa contratación da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, e resultando de gran necesidade a prestación deste servizo

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- INICIA-LA contratación da xestión do servizo de explotación da piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, por procedemento aberto, cunha duración de 8 anos, e un custe mínimo anual a soportar polo adxudicatario do 12% dos gastos de gasóleros e electricidade.

A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo a prestación do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, co obxecto de conseguir unha maior implicación da empresa adxudicataria no aforro nos gastos de funcionamento da mesma, que ata agora veñen sendo soportados polo Concello da Guarda, e unha mellora do mantemento das instalacións no seu conxunto.

2.- Solicitar a emisión de informes por parte dos servizos económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato.”

A señora Estévez Álvarez di que está a favor co inicio da licitación, pero non están de acordo coa proposta da Alcaldía.

O señor Lomba Alonso di que non serán impedimento, o BNG xa dixo que tiñan que cambiar as condicións, e esperarán a ver as liñas do equipo de goberno para licitar.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Fontenla Martínez di que levan dous anos pedindo que se saque unha nova licitación, apoiarán a proposta, pois estan de acordo na implicación da empresa nos gastos, e sinala que estarán atentos ós pregos, para que permitan presentar ofertas axeitadas e ó maior número de licitadores posible, e a pesar de que nun Pleno anterior se lles dixo que era unha “*tolería*” sacar esta licitación.

O señor Español Otero di que non dixeron iso, senón que consideraban que habería poucas empresas interesadas na xestión.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde e Fernández Ozores (catorce votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e corenta e oito minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre